



DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL FORMULADA POLA SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL EN DATA 10 DE XUÑO DE 2011, RELATIVA Á CONCENTRACIÓN PARCELARIA NAS PARROQUIAS DE FOXAS E BENDAÑA, NO CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA), PROMOVIDA POLA DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL. (CLAVE: 2009/0061).

ANTECEDENTES

Por solicitude dos veciños das parroquias de Foxas e Bendaña do Concello de Touro (A Coruña), a Dirección Xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias (actualmente Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural) iniciou un proceso de concentración parcelaria nas zonas destinadas a monte, nas devanditas parroquias, que afecta a unha superficie total dunhas 481 ha.

A zona de concentración limita:

- **Norte:** Parroquias de Prevediños, Enquerentes e Ribeira.
- **Sur:** Parroquia de Bendaña e Concello de Boqueixón.
- **Leste:** Río Ulla.
- **Oeste:** Parroquias de Vilar e Prevediños.

O proxecto cualificouse como sometido ó procedemento de Avaliación de Impacto Ambiental, ó estar incluído no anexo I do Real Decreto Lexislativo 1/2008, de 11 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Avaliación de Impacto Ambiental de Proxectos (BOE nº 23, do 26 de xaneiro de 2008). No anexo I atópanse, no grupo 9.c.9, as concentracións parcelarias cando se desenvolvan en zonas especialmente sensibles, designadas en aplicación das Directivas 79/409/CEE e 92/43/CEE, ou en humedais incluídos na lista do Convenio de Ramsar.

Neste proxecto unha banda da zona que se pretende concentrar atópase dentro dos límites do espazo natural "Sistema Fluvial Ulla-Deza", incluído na lista de Lugares de Importancia Comunitaria (LIC) aprobada pola Decisión da Comisión do 7 de decembro de 2004 e declarado Zona de Especial Protección dos Valores Naturais (ZEPVN) polo Decreto 72/2004, do 2 de abril, polo que a obra atoparíase entre as concentracións indicadas no parágrafo anterior.

No **Anexo I** da presente Declaración inclúese un resumo da actuación e das características da zona de concentración e no **Anexo II** un croquis da zona a concentrar.

En cumprimento do establecido regulamentariamente, con data 25 de xuño de 2008 publícase no DOG (nº 122) a Resolución do 28 de maio de 2008, da Dirección Xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias, pola que se somete a información pública o estudo de impacto ambiental da concentración parcelaria da zona de Foxas e Bendaña (Touro-A Coruña), non constando a presentación de alegacións durante o período de exposición pública.

Con data 28 de abril de 2011 recíbese na Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas o expediente ambiental do proxecto, remitido pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural como órgano substantivo por razón da materia, no que se inclúen o certificado de exposición pública e os seguintes informes dos distintos organismos consultados:

ORGANISMO CONSULTADO	RECIBIDO	NON RECIBIDO
Dirección Xeral de Montes	X	
Dirección Xeral de Conservación da Natureza	X	
Dirección Xeral do Patrimonio Cultural	X	
Augas de Galicia	X	
Concello de Touro	X	

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DA ZONA DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE FOXAS-BENDAÑA.
PROMOTOR: DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL.
LOCALIZACIÓN: CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA).



Cumprimentada a tramitación ambiental, a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, como órgano ambiental e no exercicio das competencias que lle atribúe o Decreto 316/2009, do 4 de xuño, formula, ós sós efectos ambientais, a Declaración de Impacto Ambiental (DIA) da concentración parcelaria da zona de Foxas e Bendaña, no concello de Touro (A Coruña), promovida pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural.

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL

Examinada a documentación que constitúe o expediente, esta Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental considera que o proceso de concentración parcelaria da referida zona é ambientalmente viable sempre que se cumpran as condicións que se establecen na presente DIA, ademais das incluídas no estudo de impacto ambiental, sen prexuízo do cumprimento doutras normas vixentes que poidan impedir ou condicionar a súa realización. No caso de que exista contradición entre o indicado no estudo e o establecido na presente Declaración, prevalecerá o disposto nesta última.

Ademais do obrigado cumprimento do estipulado nesta DIA, de manifestarse calquera tipo de impacto non considerado ata o momento, este órgano ambiental, por iniciativa propia ou por proposta do órgano substantivo, poderá ditar, ós sós efectos ambientais, condicións adicionais ás establecidas neste documento.

Estas condicións poderán ser revisadas de oficio ou por solicitude do promotor co obxecto de incorporar medidas que acheguen unha maior protección ó medio. Ademais disto, o promotor poderá solicitar a súa revisión naqueles supostos que tecnoloxicamente presenten graves dificultades para a súa implantación ou impliquen modificacións importantes na actividade, sempre e cando as novas medidas permitan acadar os obxectivos e fins da DIA. Neste caso o promotor propondrá ó órgano ambiental novas medidas ou condicións, entregándolle para iso unha solicitude de modificación das condicións establecidas na DIA e/ou no estudo, achegando tamén toda a información necesaria que xustifique a dificultade de cumprir coas condicións aprobadas nesta Declaración e que a relación das novas medidas propostas cumpren cos obxectivos e fins da Declaración. As obras non poderán comezar ata que se reciba unha comunicación desta Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.

Así mesmo, tal e como se recolle nesta Declaración, elaboraranse os seguintes estudos que darán control do cumprimento da mesma:

- Programa de Vixilancia Ambiental, que se desenvolverá nas fases de formulación, execución e explotación.
- Proxecto de Integración Paisaxística.
- Proxecto arqueolóxico das obras a realizar (Avaliación de Impacto Cultural).

Para todo o contido nesta Declaración entenderase por:

- Fase de formulación, a realización dos seguintes documentos:
 - Con respecto á distribución das parcelas: o Proxecto e o Acordo de concentración parcelaria.
 - Con respecto á execución de obras: o Proxecto de Rede de Camiños e Obras Inherentes á Concentración, Proxecto de Acondicionamento de Fincas e Outros Proxectos de Obras Complementarias (se os houbese).
- Fase de Execución:



DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DA ZONA DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE FOXAS-BENDAÑA,
PROMOTOR: DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL.
LOCALIZACIÓN: CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA).



- Replanteo de novas fincas e colocación de marcos.
- Construción de camiños e obras inherentes á concentración.
- Construción de obras complementarias.
- Fase de Explotación:
 - Execución do acordo: toma de posesión das novas fincas.
 - Uso da rede viaria e obras inherentes á concentración parcelaria.
 - Uso das obras complementarias.

As obras inherentes e complementarias son aquelas descritas como tales no *Título VI: Obras e Melloras Territoriais* da Lei 10/1985, de Concentración Parcelaria de Galicia, modificada por Lei 12/2001 (en adiante Lei de Concentración Parcelaria).

1.- ÁMBITO DA DECLARACIÓN

A presente Declaración de Impacto Ambiental refírese ás obras definidas no documento Estudo de Impacto Ambiental da Concentración Parcelaria de Foxás-Bendaña, no concello de Touro, cunha superficie de 481 Ha.

A zona de estudo está delimitada e definida no **Plano nº 15: "Valoración Ambiental Global da Zona de Estudo. Áreas de Compatibilidade e Proposta de Zonas de Exclusión"** do estudo de Avaliación Ambiental.

2.-PROTECCIÓN DO SOLO.

2.1.-Fase de formulación

2.1.1. Movementos de terras.

Definiranse as posibles zonas para o almacenamento de terras, tanto se é para reempregar posteriormente como se é para o seu depósito definitivo. A selección destas zonas realizarase con criterios ambientais e tendo en conta que, no caso de que existan no contorno ocós procedentes de actividades extractivas abandonadas ou de movementos de terras, primará o seu uso fronte a outras zonas, sempre que sexa técnica e economicamente viable e non se atopen naturalizados e integrados no entorno. En ningún caso se depositarán os sobrantes nas zonas con valores ambientais relevantes identificados no estudo ambiental, nin nas sinaladas polos informes de *Augas de Galicia, Conservación da Natureza e Patrimonio Cultural*, en particular:

- Lugar de Importancia Comunitaria (LIC) y Zona de Especial Protección de los Valores Naturales (ZEPVN) denominado "Sistema fluvial Ulla-Deza".
- Hábitat de Interese Comunitario e Carácter Prioritario codificado como 91E0* e denominado *Bosques Aluviais de Alnus glutinosa e Fraxinus excelsior (Alno-Padion, Alnion incanae, Salicion albae)*.
- Hábitat de Interese Comunitario e Carácter Non Prioritario codificado como 4030 e denominado Uceiras secas europeas.
- Hábitat de Interese Comunitario e Carácter Non Prioritario codificado como 4090 de denominado *Uceiras oromediterráneas endémicas con xestas*.





- Hábitat de Interese Comunitario e Carácter Non Prioritario codificado como 9230 e denominado *Carballeiras Galaico-Portuguesas con Quercus robur e Quercus pyrenaica*.
- Areas nas que se constata a presenza de *Lucanus cervus* (cervo voante), *Chioglossa lusitanica* (píntega) (zonas 9 e 5 da concentración parcelaria).
- Ámbito do Dominio Público Hidráulico, incluíndo zonas de Policía e Servidume.
- Elementos do Patrimonio Cultural, incluíndo os seus ámbitos de protección.

Se houbese sobrantes procedentes de movementos de terras, previo ó seu depósito nos lugares seleccionados, deberase contar cos correspondentes permisos.

En todo caso e como criterio xeral, primarase sempre o reemprego dos sobrantes de terra.

2.1.2. Rede de camiños.

O deseño da rede de camiños de concentración deberá ter en conta os criterios indicados no estudo de impacto ambiental, así como o condicionado establecido ó longo desta Declaración (respectando especialmente as áreas de interese sinaladas no punto 2.1.1) e en todo caso:

- Aproveitaranse ó máximo os antigos camiños, para o trazado das novas pistas.
- Excluirase da zona de actuación o espazo natural protexido, denominado como LIC "Sistema fluvial Ulla-Deza", xunto con unha banda de protección con un ancho mínimo equivalente á zona de policía da rede fluvial, ampliándose no caso de presenza de vexetación de ribeira.
- Excluiranse de toda afección os hábitats prioritarios reflectidos no punto 2.1.1 e sempre que sexa técnica e economicamente viable no se afectará ó resto dos elementos sinalados no antedito punto 2.1.1.
- Deberán axustarse á topografía do terreo para minimizar o movemento de terras, procedendo á delimitación do trazado dos mesmos con anterioridade á execución.

2.2.-Fase de obras

2.2.1. Materiais de préstamos e canteiras.

No caso de que se precise material de canteira para o desenvolvemento das obras, este deberá proceder de explotacións autorizadas. Así mesmo, estudarase a posibilidade de que parte dos materiais a utilizar na construción de novos camiños (para bases, subases ou para a pavimentación), proceda de plantas de reciclaxe de residuos de construción e demolición.

Con carácter xeral, e tendo en conta o sinalado anteriormente, non se efectuarán préstamos na zona, salvo xustificación previa. Nese caso, sempre que sexa técnica e economicamente viable empregaranse tecnosoles ou solos reciclados, se isto non fose posible, seleccionaranse zonas que xa vaian ser afectadas polas obras ou, no seu defecto, lugares carentes de valores ambientais ou paisaxísticos relevantes. En todo caso, os préstamos deberán ter a súa procedencia debidamente acreditada e os ocos resultantes deberán ser restaurados ó remate da obra.

No caso de precisar achegas externas de terra vexetal por non ser suficiente a retirada previamente á execución das obras, esta non se poderá extraer de áreas onde se atope consolidada e integrada no medio, debendo proceder de amoreamentos ou zonas debidamente autorizadas. En calquera caso deberá ser adecuadamente xestionada para garantir a súa conservación.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental



No caso de realizar voaduras, disporanse os medios necesarios (redes, lonas...etc) para evitar a proxección de fragmentos de rocha ó contorno. En calquera caso, se esta se producise, deberán ser retirados da zona e depositados en emplacements autorizados.

2.2.2. Construcións.

De ser preciso o emprego de formigón, evitárase a súa elaboración na propia obra, adquiríndoo xa preparado en plantas que contén coas debidas autorizacións.

3.-PROTECCIÓN DAS AUGAS E DOS ELEMENTOS ASOCIADOS.

3.1.-Fase de formulación.

Toda actuación ou afección no dominio público hidráulico ou na súa zona de servidume e policía, así como calquera captación ou vertedura e corta de vexetación de ribeira, precisará da autorización ou permiso do organismo de cunca competente, neste caso Augas de Galicia. Neste sentido, deberán terse en conta en todo momento as limitacións e demais prescricións establecidas no Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas e no Regulamento do Dominio Público Hidráulico (RD 849/1986, do 11 de abril, modificado polo RD 606/2003, do 23 de maio). Asemade, o proxecto deberá axustarse ás prescricións establecidas no Plano Hidrolóxico Galicia-Costa.

3.2.-Fase de obra e explotación.

Extremaranse as precaucións na execución de obras en zonas nas que se poida afectar á rede hidrolóxica, charcas, humidaís, zonas hidromorfas ou con vexetación de interese, adoptando todas as medidas necesarias para a súa preservación, entre as que se atopan as seguintes:

- A realización dunha serie de ensaios en situación preoperacional; deste xeito marcarase a calidade mínima esixible tras a finalización das obras e durante a fase de explotación, na busca duns niveis óptimos de calidade.
- Evitárase en todo momento vertidos á rede fluvial, propugnándose medidas de protección das augas, tales como barreiras de retención de sedimentos ou balsas de decantación. Calquera vertido á rede fluvial, deberá contar coa autorización expresa de Augas de Galicia.
- Unha descrición dos materiais que se van empregar, as características do solo que se vai ocupar e dos recursos naturais que se empregarán ou quedarán afectados pola execución da alternativa seleccionada.
- Estudaranse os efectos ás infraestruturas hidráulicas, analizando con especial detalle as posibles alteracións derivadas da modificación do caudal circulante sobre o ecosistema fluvial ou os cambios que se puideran producir nas características físico - químicas da auga.
- Co obxecto de prever fenómenos erosivos e incorporación de sólidos ás augas, a medida que avanza a obra procederase á estabilización e revexetación dos noiros de desmonte e/ou terraplén nas zonas afectadas por movementos de terras. Así mesmo, no modelado dos noiros evitáranse as formas demasiado artificiais, procurando que o cambio de pendentes sexa gradual, para favorecer así a integración coa paisaxe.
- Adoptaranse as medidas oportunas de xeito que a erosión das plataformas dos viais e das cunetas sexa mínima. Do mesmo xeito executaranse disipadores de enerxía e barreiras de sedimentos nos puntos de desaugue dos viais (bueiros).
- Calquera afección que se poida producir sobre os sistemas fluviais e o seu entorno debe ser eliminada de modo que se garanta a súa protección e conservación. Ademais da protección



derivadas das lexislacións anteriores, será de aplicación a Lei 5/2006, do 30 de xuño, para a protección, a conservación e a mellora dos ríos galegos.

- Deberase manter intacta a vexetación riparia existente, evitando, na medida do tecnicamente posible, calquera afección sobre as formacións arbóreas autóctonas e sobre as comunidades asociadas á estrutura interna e externa do río. Facilitarase a conectividade da conca coas ribeiras e en ningún caso se alterarán as zonas de servidume dos cursos fluviais.
- No caso de que finalmente sexa imprescindible o cruzamento de cursos fluviais, teranse en conta, así mesmo, as seguintes medidas:
 - Nos traballos que se realicen no leito do río, deberase illar a zona de obras deixando sempre unha canle de auga circulante.
 - Para o cruce de canles utilizaranse, preferiblemente, obras de paso tipo pórtico, fronte a pasos tipo marco ou tubo con fin de manter os leitos no seu estado natural. No caso de empregar este último tipo de estruturas, a parte inferior deberá quedar polo menos 40 cm por debaixo de leito do río e a súa pendente non superará o 1% (sempre que as características do terreo o permitan), debendo evitarse á saída do marco un salto que provoque o socavamento do leito fluvial augas abaixo.
 - Evitarase a creación de obstáculos ó movemento da fauna acuática e terrestre.
 - Nas zonas de obra próximas a cursos de auga, nas que sexa preciso o emprego de formigón ou cemento, habilitaranse balsas de decantación para evitar calquera vertedura destes materiais, mesturados ou non con auga.

4.-XESTIÓN DE RESIDUOS.

Todos os residuos serán xestionados de acordo coa súa natureza e normativa vixente, primando a reciclaxe ou reemprego fronte a vertedura. Os envases baleiros de calquera tipo de residuo ou produto perigoso, deberán ser depositados en contedores habilitados dentro dun Sistema Integrado de Xestión de Envases, ou entregados a un xestor autorizado. No caso de conter produto xestionaranse de acordo coa lexislación vixente.

Na xestión da biomasa vexetal eliminada, primarase a valoración, evitando a queima in situ destes restos, que de ser o caso deberá contar coa preceptiva autorización. Sempre que sexa posible estudarase a opción de compostar estes restos. No caso de que sexa depositada sobre o terreo procederase a súa trituración, espaxamento homoxéneo e incorporación ós solos mediante pase de grada ou fresa, diminuíndo así o risco de incendios forestais e evitando a aparición de pragas ou enfermidades.

Evitarase calquera actuación que leve asociado o vertido accidental de sustancias contaminantes na zona de concentración ou no seu entorno.

5.-PROTECCIÓN DA FAUNA, VEXETACIÓN E ESPACIOS PROTEXIDOS

5.1.-Fase de formulación

5.1.1.-Áreas con valores naturais.

De forma previa ó inicio das obras e unha vez definido os distintos Proxectos de Obras inherentes á fase de formulación, realizarase un estudo referente as afeccións dos proxectos sobre:

- Os espazos catalogados como Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais (ZEPVN) e Lugares de Importancia Comunitaria (LIC).

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DA ZONA DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE FOXÁS-BENDAÑA.

PROMOTOR: DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL.

LOCALIZACIÓN: CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA).



- Hábitats Naturais de Interese Comunitario.
- Especies de flora e fauna incluídas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas, con especial incidencia para as especies inventariadas na zona segundo información recollida no Sistema de Información Territorial e de Biodiversidade de Galicia e citada polo informe da Dirección Xeral de Conservación da Natureza.

Dito estudo considerará, especialmente, as zonas delimitadas polo Estudo de Impacto Ambiental referentes a "zonas de exclusión" e "zonas e elementos a conservar en máximo grao" e; se é preciso, definirá proposta de medidas preventivas, correctoras e/ou compensatorias, que deberán estar definidas a nivel executable, constando a súa definición en memoria, planos e orzamento do documento.

Así mesmo, integraranse no Programa de Vixilancia Ambiental das obras aqueles procedementos necesarios para verificar a aplicación e grao de eficacia das referidas medidas.

O devandito estudo será remitido de forma previa ó inicio das obras á Dirección Xeral de Conservación da Natureza, para a súa valoración e informe.

Como consecuencia das figuras legais que ostenta a zona de actuación, serán de aplicación as consideracións incluídas no artigo 6º da Directiva 92/43/CEE, relativa á Conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres; e no artigo 2º.2 do Decreto 72/2004, do 2 de abril, polo que se declaran determinados espazos como Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais, no que se establece que as actividades que non se viñan realizando nestes espazos e que poñan en perigo os seus valores naturais, requirirán autorización previa da Consellería de Medio Ambiente.

Serán obxecto de especial atención no tocante a súa preservación e adopción de todas as medidas protectoras e correctoras necesarias, así como obxecto dun intenso seguimento e vixilancia ambiental, os elementos e áreas sensibles sinalados no punto 2.1.1 da DIA, que deberán ser balizados ou sinalizados durante o replanteo da obra. Así mesmo, no caso de detectar algún valor natural non considerado ata o momento (para o cal se efectuarán as prospeccións previas que resulten oportunas), procederase a súa delimitación e á adopción das medidas precisas para garantir a súa preservación, comunicando o achado ó correspondente Servizo Territorial de Conservación da Natureza. Terase en conta que non se poderá afectar a formacións distintas ás descritas no estudo de impacto ambiental sen antes facer a correspondente consulta.

Ademais do anterior, consideraranse elementos e áreas sensibles a conservar ó máximo posible as formacións arbóreas autóctonas, ecosistemas ligados á auga (turbeiras, lagoas, regos...), árbores e rodais singulares, as sebes, os lindeiros arborados e arbustivos de límite entre parcelas, os corredores ecolóxicos e ecotonos, as especies vexetais e faunísticas endémicas, singulares e/ou protexidas (atendendo especialmente ás que estean incluídas nos Catálogos oficiais de especies ameazadas), os valados de pedra, a paisaxe agrícola tradicional galega e, de non estar contempladas entre as anteriores, calquera outra área ou zona identificada como de interese ambiental no Estudo de Impacto Ambiental.

Ó longo de todo o proceso de concentración, pero especialmente no deseño final da rede viaria e na configuración dos predios de substitución, adoptaranse todas as medidas necesarias, ademais das recollidas no Estudo de Impacto Ambiental e as establecidas nesta Declaración, co fin de evitar ou minimizar a afección ós citados elementos.

Terase en conta tamén a presenza de rutas de sendeirismo, áreas recreativas, miradoiros e calquera outra infraestrutura ou instalación para o tempo de lecer. Calquera modificación destes elementos requirirá autorización do Concello e do órgano competente da administración autonómica. Esta afección deberá estar recollida nos proxectos que se realicen na zona, de non ser así, estarase ó establecido no apartado 8.2.3 desta Declaración.





5.1.2.- *Terreos forestais.*

As obras proxectas non afectarán a ningún monte catalogado de utilidade pública, clasificado como veciñal en man común ou que conte con consorcio ou convenio en vigor coa administración.

Segundo se indica no Estudo de Impacto Ambiental do proxecto, este afectará a algunhas superficies poboadas con vexetación de ribeira e caducifolias. Adoptaranse as medidas necesarias para a preservación das devanditas masas a evitar no posible a planificación de camiños de tránsito ou acceso no interior das mesmas.

A reordenación da propiedade rústica en zonas forestais incluírá o deseño e posterior execución de infraestruturas e medidas preventivas mínimas fronte ós incendios forestais segundo o establecido na *Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais.*

5.1.3.- *Paso de animais.*

No caso de que nalgún dos camiños sexa necesario habilitar pasos canadenses para impedir o paso de gando, deberán preverse medidas que posibiliten o escape dos pequenos vertebrados que poidan caer ó foxo, podendo consistir, sen prexuízo doutras igualmente efectivas, nunha rampla de subida, facer o foxo cun ou cos dous laterais abertos ou deixar canles de drenaxe que permitan a fuga de pequenos animais.

5.2.- Fase de obras e explotación.

Con anterioridade ó inicio das obras é conveniente a execución dunha prospección para a detección de especies e hábitats protexidos, adoptando as medidas precisas para a súa preservación. De atoparse algún elemento protexido emitirase comunicado do seu achado ó Servizo de Conservación da Natureza da Coruña, quen deberá indicar os procedementos a seguir.

5.2.1.- *Xestión e protección da vexetación.*

Recuperaranse as zonas abandonadas para o cultivo, eliminando o mato e recuperando os antigos viais, evitando a proxección dos novos a través de masas arborada de bosques climáticos de carballo e as formacións de frondosas autóctonas, incluíndose as áreas de influencia fluvial.

Dado que unha importante fracción da superficie obxecto de concentración ten a condición de terreo de uso forestal, teranse en conta as seguintes medidas:

- A eliminación de vexetación reducirase ó minimamente imprescindible, respectando sistematicamente todo tipo de vexetación existente que non resulte afectada directamente pola execución das obras. Procederase ó balizamento ou sinalización das masas e formacións vexetais de interese ambiental para evitar a súa eliminación. Non se fará uso do lume nin fitocidas nestes labores.
- En relación coa preservación do arboredo, estarase ó indicado no estudo ambiental e o establecido nesta DIA. Non obstante, para calquera aproveitamento, utilización ou modificación da vexetación de ribeira estarase ó disposto na lexislación vixente de aplicación. Así mesmo, previamente á corta de arbores, que será a estritamente precisa, terá que realizarse a correspondente comunicación de corta ou solicitude de autorización, segundo o caso, conforme o disposto na lexislación forestal e demais normativa de aplicación.
- De levarse a cabo, como traballos complementarios á concentración parcelaria repoboacións nas zonas forestais, estas axustaranse ó establecido na lexislación forestal e ambiental ó respecto, debendo contar, en todo caso, co informe favorable da Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais. Nelas evitarse a continuidade de masas monoespecíficas de eucalipto ou piñeiro intercalando masas de frondosas e devasas para impedir unha doada propagación de incendios forestais. Non se poderán facer plantacións de eucalipto e piñeiros nas bandas



de protección dos cursos fluviais, nin en zonas con pendente superiores ó 40%, nin nas zonas indicadas no punto 2.1.1.

5.2.2. Presenza de Fauna.

Previamente ós labores de corta de arboredo ou roza de mato e formacións herbáceas verificarase a ausencia de avifauna nidificante de interese nos pés e ámbitos implicados. En caso de presenza, adoptaranse as medidas oportunas para que poidan finalizar con éxito o período reprodutor. En especial, atenderase á presenza de aves rapaces (*Buteo buteo*, *Accipiter gentilis*, *Accipiter nisus*, *Milvus milvus*, *Falco subbuteo*) e outras que o fan no chan (*Circus pygargus*, *Gallinago gallinago*, *Scolopax rusticola*, *Vanellus vanellus*) ou calquera outra especie que ostente figuras legais de protección ou apareza recollida en listaxes ou libros vermellos que poñan de manifesto a importancia da súa conservación.

No caso de detectarse a nidificación, adoptaranse as medidas oportunas para que as aves poidan finalizar con éxito o período reprodutor, establecendo un perímetro de seguridade de 500 metros onde se limitarán ó máximo posible as actuacións e o tráfico de maquinaria para garantir a tranquilidade das aves.

6.-PROTECCIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL.

En relación coa protección do patrimonio cultural, estarase ó seguinte:

1. Tal e como se recomenda na avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural, deberase realizar unha prospección arqueolóxica con metodoloxía intensiva da totalidade do trazado da rede de camiños, tanto dos de nova construción, como dos acondicionamentos. A tal fin, deberase presentar un proxecto de intervención arqueolóxica, de acordo co establecido no Decreto 199/1997, de 10 de xullo, polo que se regula a actividade na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG. nº 150 do 06/08/1997). En base ós resultados desta intervención, elaborase unha avaliación do impacto de dito proxecto sobre os elementos do patrimonio cultural localizados na zona de concentración parcelaria, que deberá remitirse á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, para o seu informe, xunto co proxecto construtivo.
2. A realización e ampliación de pistas existentes nas áreas de protección dos elementos do patrimonio cultural, terá carácter excepcional e, en todo caso requirirá a elaboración dun estudo de detalle do contorno do elemento afectado, considerando este entorno como as áreas de protección definidas na normativa urbanística vixente no concello, e subsidiariamente as fixadas no artigo 30 das NNCCSS de planeamento. Este documento deberá incluír:
 - Distancias entre a obra e o ben, cualificación do impacto e proposta de medidas correctoras.
 - Identificación, nunha planimetría de detalle, das pistas que se pretenden executar neste ámbito.
3. Como medida adicional, sería necesario que, unha vez se defina o Plan de Concentración e o Plan de Acondicionamento de Fincas, e previo ó inicio das obras en cada un dos proxectos que os desenvolvan, deberá remitirse á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, para o seu informe, unha avaliación do impacto de ditos proxectos sobre os elementos do patrimonio cultural localizados na zona de concentración parcelaria.
4. Débese ter en conta que, unha vez informados cada un dos documentos ós que se fai referencia nos puntos anteriores, deberá realizarse un **control e seguimento arqueolóxico** durante as fases de replanteo, de execución de obra e de restitución dos terreos, en todo o ámbito da zona de concentración parcelaria. A tal fin, e previo ó inicio das obras, elaborase un proxecto arqueolóxico que terá que ser autorizado por esta Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.



5. Elementos etnográficos como fontes, lavadoiros, cruceiros, pasais, pozos, muíños, etc. deberán quedar en masas comúns.
6. Como medida xenérica, nas áreas de protección dos bens do Patrimonio Cultural non se poderá realizar ningún tipo de obras relacionadas co proxecto, non previstas na documentación remitida (parque de maquinarias, instalación de casetas, acopios de terras e materiais).
7. No deseño dos Proxectos de Rede Viaria de Concentración Parcelaria e Acondicionamento de Fincas, deberánse ter en conta, procurando a adopción das medidas oportunas para a súa conservación, preservación e recuperación, os antigos camiños e corredoiras, valos de pedra, muros de peche tradicionais, etc; que configuran funcional e estruturalmente a paisaxe galega e caracterizan culturalmente o territorio.
8. En base ós resultados das actuacións arqueolóxicas, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, como organismo competente na materia, decidirá sobre a conveniencia de establecer outras medidas de protección. Terase en conta que na fase de replanteo se revisarán os impactos e valorarase a aplicación das correspondentes medidas correctoras.
9. Os traballos arqueolóxicos terán que ser levados a cabo por técnicos arqueólogos competentes, de acordo coa Lei 8/1995, do 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.

7.-INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA.

7.1.-Proxecto de integración paisaxística.

Redactarase un proxecto de integración paisaxística axustado ó proceso de concentración parcelaria no que se desenvolvan e se presuposten detalladamente os labores de restauración e integración paisaxística necesarios para maximizar a integración ambiental das actuacións. Na elaboración deste proxecto atenderase a criterios de coherencia ecolóxica e paisaxística e terase en conta o seguinte:

- En canto as especies a empregar:
 - Serán autóctonas, tendo sempre presente para a súa implantación as circunstancias edafolóxicas e climáticas da zona a restaurar e que procedan (sexan árbores ou arbustos, matas e ou herbáceas) da mesma zona ou similar, segundo criterios bioxeográficos, litolóxicos, de vexetación potencial e climáticos, e tendo en conta o disposto na Orde de 17 de marzo de 2005, da Consellería de medio ambiente pola que se aproba a delimitación e determinación dos materiais de base para a produción de materiais forestais de diversas especies no territorio da comunidade autónoma de Galicia.
 - Deben ser compatibles co hábitat no que se van a implantar. O hábitat, localización ou estación vai a estar definido pola interdependencia ou interrelación do clima, factores fisiográficos (topografía, pendentes, altitudes, exposición), solo ou substrato (perfil, textura, fauna e flora, ciclos de nutritivo, etc.), e factores bióticos.
 - Deben ser compatibles entre si, no espazo e no tempo, aplicándose no seu caso os tratamentos oportunos, e dicir a competencia intra e interespecifica entre as especies que se implanten deben permitir e posibilitar o éxito da restauración, adoptándose, ademais, para acadar este obxectivo, os tratamentos que sexan precisos (clareos, rozas, etc).
- No caso de que fose precisa a eliminación dalgún pé de especies arbóreas autóctonas procurarase que sexan replantadas na media do posible, empregándoas na restauración. De todos modos recoméndase a súa preservación, actuando unicamente sobre exemplares mortos ou moi enfermos.



- Maximizarase a diversidade da zona de restauración, tendo sempre presentes as superficies a restaurar e os hábitats presentes.

7.2.-Deseño do novo parcelaria

No deseño do novo parcelario favorecerase a integración paisaxística dos predios resultantes mediante a conservación do maior número posible de elementos lineais de interese ambiental como lindes arboradas, valados de pedra, sebes, etc, para isto procurárase axustar a maior lonxitude posible de lindeiros dos predios de substitución ós citados elementos.

8.-CONDICIONS XERAIS.

8.1.-Fase de formulación

8.1.1.-Medidas para a redución de impactos.

Desenvolveranse as medidas necesarias para evitar posibles impactos asociados á fase de formulación, como pode ser a aparición de edificacións, construcións diversas ou peches, as cortas indiscriminadas de vexetación, o abandono, modificación ou intensificación abusiva de cultivos, as roturacións de terras, etc., motivados pola incerteza dos propietarios sobre a futura titularidade das parcelas.

Neste sentido, daráselles información ós propietarios e notificaráselle por escrito á Xunta Local da Zona da obriga legal de obter autorización ou permiso para a corta de especies arbóreas, así como a existencia doutras limitacións ou obrigas establecidas na normativa vixente en materia de ordenación do territorio, de xestión forestal, de protección, conservación e mellora dos ríos galegos, de prevención e defensa contra os incendios forestais, conservación da superficie agraria e, en xeral, calquera outra lexislación que afecte ó uso e aproveitamento da terra.

Por outra banda, terase en conta o seguinte:

- Durante as fases de replanteo e execución deberánse efectuar os controis oportunos para garantir que non se produzan impactos imprevistos. No momento en que se detecten tomaranse as medidas oportunas para evitalo, comunicándoo ó correspondente Servizo de Conservación da Natureza, xunto coas medidas previstas a adoitar. En todo caso, paralizaranse aquelas obras susceptibles de producir a devandita afección, en tanto o organismo competente non se pronuncie.
- Evitaranse as formas demasiado artificiais no modelado dos noiros, procurando pendentes graduais e integradas coa paisaxe. Deberán estar protexidos contra fenómenos erosivos.
- Adoptaranse as medidas necesarias para evitar posibles desprendementos nas zonas de fortes pendentes, nas fases de acondicionamento, execución e explotación.
- Deberán asfaltarse as pistas con maior tránsito, de xeito que se evite a afección á vexetación pola emisión do po procedente do tránsito de vehículos pesados.

8.1.2.-Coordinación coas figuras de planeamento urbanístico.

Velarase pola protección dos valores naturais, patrimoniais e paisaxísticos de interese local e a compatibilidade do proceso de concentración parcelaria, en especial do plan de cultivos, coas figuras do planeamento vixentes do concello. O Concello de Touro, a través do seu representante na Xunta Local de Concentración Parcelaria (de acordo co establecido no *Título II: Normas Orgánicas da Lei de Concentración Parcelaria da Lei de Concentración Parcelaria*) velará polo cumprimento desta condición.



8.2.-Fase de obras e explotación

8.2.1.-Límites da zona de concentración parcelaria.

Levarase a cabo un control topográfico dos límites da zona de concentración, dos predios de substitución e da traza dos camiños de concentración que se axustarán ó contido dos documentos ós que se fai referencia no punto 9.1 da DIA, evitando afeccións fóra destes límites.

8.2.2.-Servizos e servidumes.

Manterase a permeabilidade territorial da zona, conservando durante a fase de execución os servizos e servidumes de paso que existan na actualidade. Se durante as obras fose preciso cortar o paso dalgunha vía, deberán implementarse rutas alternativas que presten o mesmo servizo. De acordo coa Lei de Concentración Parcelaria, as fincas resultantes terán acceso directo a algunha vía existente ou de nova creación.

8.2.3.-Deterioro de infraestruturas, instalacións e servizos.

Se durante o proceso de concentración parcelaria se afectasen estradas, camiños ou calquera outra infraestrutura, instalación ou servizo preexistente non contemplados nos proxectos (incluíndo as posibles modificacións dos proxectos), deberán restituírse ó estado previo ó inicio das obras, sen prexuízo das reclamacións que legalmente os axentes afectados polo deterioro poidan levar a cabo.

8.2.4.- Uso sostible do territorio.

Promoverase o desenvolvemento sostible da zona concentrada mediante a adopción de criterios de sostenibilidade ambiental no uso das parcelas asignadas a cada propietario.

O plan de cultivos que se elabore no contexto da concentración parcelaria deberá estar axeitado ás características agrolóxicas da terra, respectando os valores naturais locais identificados no Estudo de Impacto e nesta Declaración e procurando un aproveitamento racional e sostible das parcelas. O deseño do plan de cultivos terá en conta os impactos que os cambios de usos de solo poidan ter no territorio, en especial, a transformación de terreo forestal en terreo agrícola para evitar modificacións substanciais do balance hídrico da zona que poidan afectar á rede fluvial. En todo caso, atenderase ás posibles limitacións ou obrigas legais en canto ó acondicionamento e uso dos predios de substitución, tendo en conta a normativa vixente e o respecto ós elementos e áreas sensibles indicados no punto 2.1.1.

9.-PLAN DE SEGUIMIENTO E VIXILANCIA AMBIENTAL

9.1.-Fase de formulación.

9.1.1.-Patrimonio cultural.

En relación á protección do patrimonio cultural remitiranse os seguintes informes, á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, non podendo comezar as obras ata que esta se pronuncie favorablemente sobre a documentación avaliada.

- Previamente ó inicio das obras de cada proxecto de execución que integra a concentración parcelaria (Proxectos de Rede Viaria, de Acondicionamento de Fincas e Proxectos de Obras Complementarias, se os houbese), o promotor remitirá á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, para o seu informe, unha avaliación do impacto dos citados proxectos sobre os elementos do patrimonio cultural localizados na zona de concentración. Estes documentos deberán estar asinados por técnico competente na materia.
- Terase en conta que unha vez informados pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural os documentos ós que se fai referencia no punto anterior, en todo o ámbito do proxecto deberá



realizarse un control e seguimento arqueolóxico durante as fases de replanteo, de execución de obra e de restitución dos terreos. Para tal fin, e previamente ó inicio das obras, elaborárase un Proxecto Arqueolóxico que terá que ser autorizado pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

9.1.2.-Redacción do programa de vixilancia e seguimento ambiental.

Redactarase un novo programa de **Vixilancia e Seguimento Ambiental** que considerará todos os supostos de impactos e medidas correctoras avanzados no estudo de impacto ambiental, todos aqueles que xurdan ó longo da fase de formulación e todos os derivados do cumprimento do condicionado desta DIA.

O devandito programa levarase a cabo co obxecto de garantir ó longo do tempo o cumprimento das medidas protectoras e correctoras contempladas no Estudo de Impacto Ambiental e no condicionado desta Declaración, e levar a cabo novas medidas correctoras acordadas coas novas problemáticas xurdidas.

O conxunto de actuacións executables que se integren na documentación, incluíndo aquelas referentes ás actuacións ambientais e sobre o patrimonio, deberán quedar convenientemente reflectidas en planos de escala adecuada e estar dotadas das partidas orzamentarias correspondentes, que terán o seu reflexo no capítulo de orzamento do Proxecto de Concentración Parcelaria.

Será responsabilidade do órgano substantivo que o Programa que finalmente se desenvolva neste sentido, permita acadar os fins sinalados no parágrafo anterior. Así mesmo, teranse en conta as seguintes consideracións:

- Co obxecto de acadar a máxima coordinación e eficacia no cumprimento desta declaración deberá designarse un responsable do cumprimento da mesma.
- Todas as medicións e ou analíticas do programa de **Vixilancia e Seguimento Ambiental** deberán ser realizadas por organismos de control autorizados ou entidades homologadas, e os resultados deberán vir asinados por un técnico de dita entidade.
- Fixaranse para todas as fases, os indicadores ambientais, a periodicidade dos controis e os umbrais, (admisible, de alerta e inadmisible) que se vaian empregar en cada caso.
- As tomas de mostras e as medicións deberán ser representativas, polo que se realizarán durante os labores con maior incidencia sobre os indicadores obxecto de control.
- Se durante a realización do programa de **Vixilancia e Seguimento Ambiental** se detectasen impactos imprevistos ou alteracións que superen os umbrais establecidos na lexislación aplicable, a Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural propoñerá as medidas correctoras precisas. De poñerse de manifesto a existencia de impactos ambientais severos ou críticos, comunicaraos a esta Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.
- No Programa de **Vixilancia e Seguimento Ambiental** a redactar, incluírase un "Plan de Control de Calidade das Augas e Funcionamento das Estruturas de Drenaxe", coas medidas de control propostas, para o mesmo, no Estudo de Impacto Ambiental presentado e engadindo aquelas derivadas do informado pola Dirección Xeral de Conservación da Natureza; no que se refire á incidencia das obras sobre a calidade das augas superficiais.
- A realización das prospeccións necesarias para a detección da presenza ou non de **ameixa perlifera de río Margaritifera margaritifera** nos cursos fluviais existentes na zona de concentración. En caso positivo, adaptarase o plan de seguimento da calidade das augas para un efectivo control dos tramos concretos onde se atope a especie.



9.1.3.-Órganos a informar e documentación a remitir.

Debido ó contacto existente entre o perímetro leste da Zona de Concentración Parcelaria e o LIC "Sistema Fluvial Ulla-Deza" (figura de protección ambiental incluída en Rede Natura 2000) e en cumprimento do establecido no artigo 45 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natura e da Biodiversidade, e no recollido no artigo 2º do Decreto 72/2204 do 2 de abril, polo que se declaran determinados espazos como Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais (ZEPVN). Será preciso realizar unha consulta previa á Consellería de Medio Ambiente, para que determine a necesidade de solicitude de autorización con anterioridade ó inicio dos traballos.

Previamente ó inicio das obras, a Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural remitirá a esta Secretaría Xeral, para a súa avaliación o Proxecto de Camiños e Obras inherentes, o Proxecto de Acondicionamento e o Proxecto de Obras Complementarias (se o houbese). Nos proxectos remitidos recollerase unha análise das alternativas estudadas ó respecto e conterá un anexo específico no que se documente a adecuada inclusión das medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias propostas no EIA así como todas as cuestións derivadas do cumprimento das condicións desta Declaración, incluíndo o proxecto de integración paisaxística e programa de vixilancia ambiental. No caso de que a execución das obras se divida en fases, os proxectos presentados poderán presentarse de forma que contemplen o total das obras ou que contemplen as obras realizadas en cada fase (un proxecto por fase).

9.2.- Fase de obras, informe final de obras e fase de explotación.

9.2.1. Programa de Vixilancia Ambiental.

A Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural responsabilizarase de que se leve a cabo o **Programa de Vixilancia e Seguimento Ambiental** ó que se fai referencia ó longo desta DIA e, como órgano substantivo, estará ó disposto no artigo 18 do Real Decreto Lexislativo 1/2008, do 11 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Avaliación de Impacto Ambiental de proxectos.

Durante a fase de replanteo das novas fincas e colocación dos marcos non será necesario a realización de ningún informe de **Vixilancia e Seguimento Ambiental**.

Durante as fases de execución e explotación das obras elaboraranse os seguintes informes de seguimento, cos contidos mínimos que se sinalan a continuación:

a) Informe Ambiental Previo ás Obras:

- Constatarse a adecuada inclusión no proxecto construtivo das medidas propostas no estudo ambiental e nesta declaración de impacto ambiental.
- Incluírse un Manual de Boas Prácticas Ambientais da obra, definido polo contratista que resulte adxudicatario da obra, así como un plan de rutas e un plan de accesos, sobre os cales se verificará o criterio de afectar a área mais reducida posible.

b) Trimestralmente:

- Informe de avance das obras (incluíndo cronograma actualizado) onde se describa o desenvolvemento dos traballos en relación a todos os compoñentes do proxecto de concentración, acompañado de plano en planta no que se reflicta a situación real das obras e a porcentaxe de execución de cada actividade.
- Memoria do seguimento ambiental realizado en cumprimento do sinalado no estudo ambiental e o disposto nesta DIA, incluíndo os resultados dos plans de seguimento do control da calidade das augas e do funcionamento da rede de drenaxe e mantemento do réxime hidrolóxico; control da presenza de parellas reprodutoras de aves de interese actuacións para a preservación dos elementos e áreas sensibles indicados no punto 2.1.1, etc.



- Na memoria a realizar detallaranse os resultados da aplicación das medidas protectoras, correctoras ou compensatorias, incidencias ou imprevistos acontecidos, variacións respecto do proxectado, labores de restauración efectuados, xestión de residuos de obra e sobrantes de terra, etc. En conxunto, o informe reflectirá o cumprimento da Declaración en relación a todos os aspectos contemplados nela.
- Reportaxe fotográfica que mostre con detalle os aspectos ambientais máis relevantes da actuación, así como das zonas onde se adoptaron medidas protectoras e correctoras, en especial as relativas ós elementos e áreas sensibles sinalados no punto 2.1.1 da DIA.

Nas fotografías indicárase a data e hora, debendo ir acompañadas dun plano de localización.

c) Antes da emisión da acta de recepción de obra:

- Memoria resumo sobre o seguimento ambiental realizado, na que quede constancia dos controis ambientais e medidas protectoras e correctoras levadas a cabo en cumprimento do sinalado no estudo ambiental e o disposto nesta DIA.
- Descrición detallada do estado final das obras realizadas, con especial mención ás medidas de protección da vexetación e ós labores de restauración e integración paisaxística efectuados. Describíranse así mesmo, de ser o caso, as variacións introducidas ó longo das obras respecto do proxectado, así como calquera outra incidencia ou imprevisto acontecidos e as solucións adoptadas.
- Neste sentido, realizarase un seguimento específico da superficie ocupada pola vexetación autóctona e demais formacións e áreas de interese sinaladas no punto 2.1.1 da DIA, antes e despois da concentración parcelaria, co obxecto de poder obter unha avaliación do impacto final do proceso concentrador.
- Resumen de medidas de protección, corrección e labores de restauración e acondicionamento paisaxístico, executadas durante a duración das obras.
- Reportaxe fotográfica que mostre con detalle os aspectos ambientais máis relevantes da actuación, así como o estado xeral da zona de concentración e das zonas onde se adoptaron medidas protectoras e correctoras, en especial as relativas á protección dos elementos e áreas sensibles sinalados no estudo ambiental e nesta Declaración. Nas fotografías indicárase a data e hora, e virán acompañadas dun plano de localización.

d) Durante a fase de explotación emitírase un informe anual:

- Descrición dos resultados das labores de restauración (revexetación e estado da cuberta vexetal).
- Estado dos viais executados para o proceso de concentración e dos sistemas de drenaxe asociados.
- Estado das zonas nas que se levaron a cabo medidas protectoras e correctoras.
- Descrición da evolución das medidas protectoras e correctoras adoptadas ó longo da fase de obra.

Se durante a realización do programa de **vixilancia e seguimento ambiental** ó que se refire esta DIA se detectasen impactos imprevistos ou alteracións que superen os umbrais establecidos na lexislación aplicable ou nesta Declaración, a Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural propondrá as medidas correctoras precisas para emendalas. De poñerse de manifesto a existencia de impactos



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

San Lázaro s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

ambientais severos ou críticos, comunicarao a esta Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.


Tendo en conta os resultados que se obteñan durante os dous primeiros anos de seguimento poderase revisar, se é o caso, o contido ou a frecuencia dos controis e informes a realizar en anos posteriores, ou estudar a posibilidade de dar por finalizado o seguimento.

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2011

Secretario Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental



Justo de Benito Basanta



Santiago, 10 de xuño de 2011

Mª Concepción Díez Francisco

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DA ZONA DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE FOXÁS-BENDAÑA.
PROMOTOR: DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL.
LOCALIZACIÓN: CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA).



ANEXO I

DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN E DA ZONA DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA.**1.-DESCRIPCIÓN DO PROCESO DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA.**

O proceso de concentración parcelaria consta de tres partes ben diferenciadas (Plan de Concentración, Plan de Obras e Plan de Acondicionamento), que interactúan co medio de xeitos moi diferentes e en distinto grao, aínda que todos eles se atopan intimamente ligados.

A continuación preséntanse, en forma de cadro, as diferentes etapas de cada un dos proxectos de concentración:

		ESTUDIOS PREVIOS	EXECUCIÓN	EXPLOTACIÓN
	Plan de Concentración	Levantamento topográfico	Replanteo de fincas de substitución	Posta en explotación das fincas de substitución
		Bases Provisionais		
		Bases Definitivas		
		Proxecto de concentración		
		Acordo de Concentración		
	Plan de Obras	Proxecto de Rede de Camiños	Construción da rede viaria	Utilización da rede viaria
	Plan de Acondicionamento de Fincas	Proxecto de Acondicionamento de Fincas	Execución das obras de acondicionamento de fincas	

As actuacións que supoñen un maior risco de operacións de maquinaria e risco de deterioro dos elementos ambientais, son o acondicionamento de fincas e o plan de obras.

2.-DESCRIPCIÓN DA ZONA A CONCENTRAR.**2.1.-Localización.**

A zona de Concentración Parcelaria das parroquias de San Breixo de Foxás e Santa María de Bendaña, obxecto do presente Estudo de Impacto Ambiental, localízase no concello de Touro, o sur da provincia de A Coruña, pertence á comarca de Arzúa, linda ó Norte co concello de O Pino, ó Sur co río Ulla, fronteira natural entre a provincia de A Coruña e Pontevedra, ó Leste co concello de Arzúa e polo Oeste co de Boqueixón. A superficie a concentrar ascendería a 481 hectáreas, das cales 16,5 Ha pertencerían á parroquia de Bendaña e as 464,5 Ha restantes á de Foxás.

A superficie total das dúas parroquias é de aproximadamente 4.000 ha, e abrangue unha superficie a concentrar dunhas 1.102,74 ha., das que algo máis de 60 (60,19 Ha) corresponden a montes de propiedade comunal.

A parroquia de Foxás, dentro da cal se atopan a maioría dos terreos a concentrar, limita:

- Norte: Parroquias de Prevediños, Enquerentes e Ribeira
- Sur: Parroquia de Bendaña e o concello de Boqueixón
- Leste: Río Ulla
- Oeste: Parroquias de Vilar e Prevediños



Santiago, 16 XUN. 2011

M^a Concepción Díz Francisco

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DA ZONA DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE FOXÁS-BENDAÑA.
PROMOTOR: DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL.
LOCALIZACIÓN: CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA).



O fin primordial da concentración das zonas de Foxás y Bendaña, é o de establecer unha nova ordenación das explotacións con dimensións suficientes e estruturais adecuadas ás aptitudes forestais dos terreos a concentrar.

2.2.- Climatoloxía.

A zona atopase nunha zona climática de tipo oceánico con temperaturas suaves.

2.3.- Xeoloxía, litoloxía e xeotecnia.

A área de estudo sitúase no Dominio do Complexo de Ordenes na "Serie de Ordenes", na que se observa un predominio das rochas metamórficas (sobre todo esquistos e paraneises) sobre calquera outro tipo. Outros materiais tamén presentes na zona de estudo son de orixe cuaternaria e están constituídos por chairas aluviais e fondos de valgada, que se presentan nos ríos Prevedíños e Brandelos.

Dende o punto de vista xeotécnico a maior parte das áreas a concentrar sitúanse nunha zona con condicións construtivas desfavorables, na que se poden presentar problemas de tipo xeomorfolóxico e xeotécnico.

2.4.- Fisiografía e xeomorfoloxía.

Na zona a concentrar as cotas máis elevadas non exceden os 250 m.s.n.m., sendo os altos máis destacables o Monte de Sobredo, situada ó NO, dentro da zona a concentrar; o alto situado entre os núcleos de Sobredo e Foxás; o Monte de Ventiga o sur de Foxás e o alto de Croa do Castro ó sur o anterior. As partes máis baixas sitúanse no río Ulla, con cotas comprendidas entre os 70 e 100 m.s.n.m.

Predominan as pendentes situadas nos rangos de 15-25% e superiores ó 25%. As menores pendentes sitúanse a nivel dos cursos fluviais (terrazas ou zonas aluviais) que sucen a zona, destacando por encima de todos o Ulla e continuando por orde de importancia o río Brandelos e o río Prevedíños.

2.5.- Edafoloxía.

A maior extensión da zona de concentración parcelaria ocúpala esquistos sobre os que se orixinan solos pouco profundos e escasamente evolucionados.

A capacidade agrolóxica da maior parte dos solos pertencería á Clase VI (Grao de limitación): terreos non utilizables para o laboreo agrícola pero que poden dedicarse a soste unha vexetación permanente, herbácea ou leñosa.

2.6.- Hidroloxía.

Todas as canles fluviais da zona de estudo forman parte da conca do río Ulla. A maior parte dos terreos desaugan en primeiro termo na conca do río Brandelos (afluente principal do Ulla na zona), aínda que existen terreos con escurreita directa ó propio río Ulla.

A zona de estudo clasifícase como zona impermeable ou con acuíferos de interese moi local.

2.7.- Medio biolóxico.

A vexetación existente nas zonas a concentrar e nas súas inmediacións constitúen maioritariamente masas arboradas de aproveitamento forestal, en maior proporción e extensión as de piñeiro, ás que se incorporan pés de carballos e eucaliptos. Aparecen pequenas zonas de pasteiros, aínda que estas son máis abundantes nas zonas de val situadas ó redor dos núcleos de poboación existente (fóra das áreas a concentrar).






Os hábitats de interese comunitario máis próximos ou incluídos na área de estudo son os seguintes:

- 91E0 Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (*Alno-Padion*, *Alno incanae*, *Salicion albae*). Constitúe un hábitat prioritario.
- 9230 Carballeiras galaico-portuguesas con *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica*.
- 4090 Breixeiras oromediterráneas endémicas con aliaga.

A zona de estudo esta moi próxima unha área considerada como especialmente sensible y de elevada riqueza faunística: LIC e ZEPVN del Sistema fluvial Ulla-Deza,

Pódense citar na zona 9 especies de anfibios, 9 de réptiles, 41 de mamíferos, 6 de peixes e 65 de aves, facendo un total de 130 especies de vertebrados




Santiago, 16 XUN. 2011

M^a Concepción Diz Francisco

ANEXO II

CROQUIS DA ZONA DE ACTUACIÓN.



Supplemental

2000
 1999
 1998
 1997
 1996
 1995
 1994
 1993
 1992
 1991
 1990
 1989
 1988
 1987
 1986
 1985
 1984
 1983
 1982
 1981
 1980
 1979
 1978
 1977
 1976
 1975
 1974
 1973
 1972
 1971
 1970
 1969
 1968
 1967
 1966
 1965
 1964
 1963
 1962
 1961
 1960
 1959
 1958
 1957
 1956
 1955
 1954
 1953
 1952
 1951
 1950
 1949
 1948
 1947
 1946
 1945
 1944
 1943
 1942
 1941
 1940
 1939
 1938
 1937
 1936
 1935
 1934
 1933
 1932
 1931
 1930
 1929
 1928
 1927
 1926
 1925
 1924
 1923
 1922
 1921
 1920
 1919
 1918
 1917
 1916
 1915
 1914
 1913
 1912
 1911
 1910
 1909
 1908
 1907
 1906
 1905
 1904
 1903
 1902
 1901
 1900
 1899
 1898
 1897
 1896
 1895
 1894
 1893
 1892
 1891
 1890
 1889
 1888
 1887
 1886
 1885
 1884
 1883
 1882
 1881
 1880
 1879
 1878
 1877
 1876
 1875
 1874
 1873
 1872
 1871
 1870
 1869
 1868
 1867
 1866
 1865
 1864
 1863
 1862
 1861
 1860
 1859
 1858
 1857
 1856
 1855
 1854
 1853
 1852
 1851
 1850
 1849
 1848
 1847
 1846
 1845
 1844
 1843
 1842
 1841
 1840
 1839
 1838
 1837
 1836
 1835
 1834
 1833
 1832
 1831
 1830
 1829
 1828
 1827
 1826
 1825
 1824
 1823
 1822
 1821
 1820
 1819
 1818
 1817
 1816
 1815
 1814
 1813
 1812
 1811
 1810
 1809
 1808
 1807
 1806
 1805
 1804
 1803
 1802
 1801
 1800
 1799
 1798
 1797
 1796
 1795
 1794
 1793
 1792
 1791
 1790
 1789
 1788
 1787
 1786
 1785
 1784
 1783
 1782
 1781
 1780
 1779
 1778
 1777
 1776
 1775
 1774
 1773
 1772
 1771
 1770
 1769
 1768
 1767
 1766
 1765
 1764
 1763
 1762
 1761
 1760
 1759
 1758
 1757
 1756
 1755
 1754
 1753
 1752
 1751
 1750
 1749
 1748
 1747
 1746
 1745
 1744
 1743
 1742
 1741
 1740
 1739
 1738
 1737
 1736
 1735
 1734
 1733
 1732
 1731
 1730
 1729
 1728
 1727
 1726
 1725
 1724
 1723
 1722
 1721
 1720
 1719
 1718
 1717
 1716
 1715
 1714
 1713
 1712
 1711
 1710
 1709
 1708
 1707
 1706
 1705
 1704
 1703
 1702
 1701
 1700
 1699
 1698
 1697
 1696
 1695
 1694
 1693
 1692
 1691
 1690
 1689
 1688
 1687
 1686
 1685
 1684
 1683
 1682
 1681
 1680
 1679
 1678
 1677
 1676
 1675
 1674
 1673
 1672
 1671
 1670
 1669
 1668
 1667
 1666
 1665
 1664
 1663
 1662
 1661
 1660
 1659
 1658
 1657
 1656
 1655
 1654
 1653
 1652
 1651
 1650
 1649
 1648
 1647
 1646
 1645
 1644
 1643
 1642
 1641
 1640
 1639
 1638
 1637
 1636
 1635
 1634
 1633
 1632
 1631
 1630
 1629
 1628
 1627
 1626
 1625
 1624
 1623
 1622
 1621
 1620
 1619
 1618
 1617
 1616
 1615
 1614
 1613
 1612
 1611
 1610
 1609
 1608
 1607
 1606
 1605
 1604
 1603
 1602
 1601
 1600
 1599
 1598
 1597
 1596
 1595
 1594
 1593
 1592
 1591
 1590
 1589
 1588
 1587
 1586
 1585
 1584
 1583
 1582
 1581
 1580
 1579
 1578
 1577
 1576
 1575
 1574
 1573
 1572
 1571
 1570
 1569
 1568
 1567
 1566
 1565
 1564
 1563
 1562
 1561
 1560
 1559
 1558
 1557
 1556
 1555
 1554
 1553
 1552
 1551
 1550
 1549
 1548
 1547
 1546

M^a Concepción Díz Francisco

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DA ZONA DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE FOXÁS-BENDAÑA.
PROMOTOR: DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL.
LOCALIZACIÓN: CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA).